

PRESENTACIÓN DE **INSTALACIÓNS DE RADIOCOMUNICACIÓNS**

X **En que consiste o módulo.**

- Principios dos sinais eléctricos e das ondas electromagnéticas.
- Equipos de radiocomunicacións: medios de transmisión, conectores, moduladores, emisoras, antenas, receptores...
- Normativa en materia de radiocomunicacións.
- Medidas en radiocomunicacións.
- Mantemento e planificación de instalacións de radiocomunicacións.
- Seguridade no traballo en instalacións de radiocomunicacións.
- A realización de problemas, supostos teóricos e montaxes prácticas é a parte principal do curso.

X **Asistencia a clase.**

- Co **10%** de faltas perda do dereito a avaliación continua (**Lei**).
- Controlarase a asistencia a diario.
- Atención a xustificacións con soporte documental incluída a xente que traballa. Non se avalía igual á xente que asiste a clase e que participa.

X **Actitude na clase.**

- Darase atención especial a actitude na clase e no taller de prácticas, dada a necesidade de adquirir e demostrar unha actitude profesional.

X **Probas escritas.**

- Teoría, cuestións teóricas e problemas.
- Haberá polo menos **unha proba escrita** por avaliación. Dependendo da materia poderá haber probas parciais, se as hai na data do último parcial o alumnado que non teña suficiente nota nos parciais anteriores terá a opción de ir a unha **proba final de avaliación**.

X **Probas escritas de recuperación.**

- Unha proba escrita de recuperación **por avaliación**, farase á volta das vacacións correspondentes, como moito na terceira semana. No caso da terceira avaliación trala mesma e antes da avaliación final.
- Unha proba escrita final de recuperación de todo o curso entre a terceira avaliación e a avaliación final.

X **Realización de prácticas.**

- Obrigatorias.
- Entrega de memorias de prácticas obrigatoria, se a cualificación e inferior a 3,5 deberase repetir a memoria e/ou a práctica.

X **Material:**

- Seguiranse apuntes proporcionados polo profesor, ben en soporte informático ben tomados polo alumnado nas clases.
- O alumnado deberá dispoñer de unha memoria USB ou dun espazo de almacenamento na nube que conterá os arquivos das simulacións, as memorias das prácticas, os ficheiros resultado do software empregado...
- Calculadora a diario e nas probas escritas.

X Avaliación ordinaria trimestral:

- A **cualificación de probas escritas** da avaliación trimestral será unha media ponderada das cualificacións dos parciais na que se terá en conta a cantidade e importancia dos contidos avaliados en cada parcial. Para o alumnado que vaia á proba final a cualificación será a da proba final.
- A **cualificación de prácticas e traballos** da avaliación trimestral será unha media ponderada das Cualificacións das prácticas e traballos. Para establecer a ponderación terase en conta o tempo adicado a cada traballo ou práctica.
- A **cualificación final da avaliación** será unha media ponderada cos seguintes pesos:
 - X Cualificación de probas escritas 75%
 - X Cualificación de prácticas e traballos..... 25%
- Para acadar unha avaliación positiva, esta cualificación final deberá ser igual ou maior que 5. Ademais, a nota media obtida nas probas escritas deberá ser igual ou maior que 5.
- A nota de cualificación trimestral que vai no boletín é un enteiro. O redondeo para obter a cualificación trimestral só se fará ao enteiro superior cando a parte decimal decimal da cualificación final da avaliación sexa igual ou superior a 0,7.

X Avaliación final ordinaria:

- A cualificación final ordinaria será unha media aritmética das cualificacións finais de avaliación sen redondear.
- O redondeo da cualificación final farase ao enteiro superior cando a parte decimal sexa igual ou superior a 0,5.

X Avaliación extraordinaria:

- Unha ou varias probas escritas.
- Unha ou varias probas prácticas.

X Docente:

- Daniel López Díaz.
- Daniel.lopez@edu.xunta.gal